
PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE OS TRÁMITES OU TRABALLOS REALIZADOS POLO GOBERNO MUNICIPAL PARA A CORRECTA REGULACIÓN DA MÚSICA AO VIVO NOS LOCAIS DE SANTIAGO

No Pleno ordinario de decembro de 2020 aprobouse unha moción para instar á Xunta e ao Parlamento galego a recoñecer a singularidade cultural de Santiago de Compostela. Con 17 votos a favor (CA, PSOE e BNG) e 8 abstencións (PP) o acordo aprabado foi o seguinte:

- 1. O Pleno do Concello de Santiago recoñece a música ao vivo nos locais de Compostela como unha riqueza da cidade que singulariza no contexto galego e europeo.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer esta riqueza cultural e musical de Santiago a través dunha modificación normativa que permita manter a singularidade cultural da nosa cidade.*
- 3. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido cultural de Santiago e á FEGAMP.*

No transcurso dese debate plenario, a concelleira Mercedes Rosón manifestou o malestar do goberno local porque o Concello de Santiago presentara alegacións, no seu momento, á proposta de novo catálogo de espectáculos da Xunta de Galicia, sen que constara aínda resposta ningunha por parte da administración galega.

A moción fora motivada pola estimación do TSXG do recurso contencioso-administrativo que a Xunta de Galicia tiña presentado contra a modificación da ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruidos, vibracións e condicións dos locais, aprobada durante o anterior mandato municipal. A decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia supuxo declarar a nulidade do artigo 44.6 e da disposición transitoria 3ª desa ordenanza municipal, poñendo seriamente en perigo a riqueza cultural e musical de Santiago de Compostela e agravando a crise de moitos locais composteláns xa en situación precaria de por sí, por causa da crise da Covid-19.

Tendo en conta todo o anterior, e tal que como apuntou no Pleno a propia concelleira de Cultura e Urbanismo recoñecendo que esta problemática necesita dunha “urxente solución”, Marta Lois, portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta, presenta a seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta por **ESCRITO**:

- Case dez meses despois, que trámites ou traballos ten levado adiante o Concello de Santiago para cumprir cos acordos plenarios aprobados en decembro de 2020?
- No relativo aos puntos 2 e 3 do citado acordo Plenario, cónstalle ao Goberno local que Xunta, Parlamento ou FEGAMP teñan iniciado algún trámite ou traballo para realizar as modificacións normativas precisas que recoñezan a singularidade cultural de Santiago?
- Ten o Concello de Santiago realizado algún trámite, petición ou simplemente comunicación coa Xunta de Galicia relativa á aprobación do novo catálogo durante o presente ano de 2021.
- Ten constancia o goberno local de que a falta dunha “urxente solución” -en palabras da concelleira- teña provocado algunha prexuízo ou perda de oportunidade para os locais e salas de Santiago?
- Ten o goberno local recoñecido ou facilitado o recoñecemento de actividades puntuais ou de carácter excepcional celebradas dentro do termo municipal?

Santiago de Compostela, 8 de Outubro de 2021

Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



A/A DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA